



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

-Decreto polo que se dispón que cese Antonio Losada Trabada como secretario xeral de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

-Decreto polo que se nomea secretario xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a Antonio Losada Trabada.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

-Decreto polo que se modifica o Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

-Decreto polo que se dispón que cese Javier Suárez García como director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

-Decreto polo que se dispón que cese Domingo Bello Janeiro como director da Escola Galega de Administración Pública.

-Decreto polo que se nomea director xeral da Asesoría Xurídica Xeral a José Vicente Alvariño Alejandro.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE

-Decreto polo que se dispón que cese Jesús Almuíña Loeda como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda na Coruña.

-Decreto polo que se nomea a Jacinto Parga Fernández como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes na Coruña.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

-Decreto polo que se nomea directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa a María José Pérez Mariño.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

-Decreto polo que se nomea director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a Xoán Ramón Doldán García.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

-Decreto polo que se derroga o decreto que regula a imaxe corporativa *Galicia, camiños de concordia*.

-Decreto polo que se dispón que cese Isabel García Vila como delegada provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo na Coruña.

-Decreto polo que se nomea a Milagros Lantes Seara delegada da Consellería de Cultura e Deporte na Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

-Decreto polo que se dispón que cese Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández como delegada provincial da Consellería de Sanidade de Pontevedra.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Sanidade en Lugo a Miguel Ángel Rodríguez Lois.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Sanidade en Pontevedra a Juan Antonio Martín Tejedor.

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

-Decreto polo que se nomea presidente do organismo autónomo Augas de Galicia a Jorge Antonio Santiso Blanco.



-Decreto polo que se nomea director xeral do organismo autónomo Augas de Galicia a José Luis Romero Valeiras.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

-Decreto polo que se dispón que cese Antonio de la Hera Roldán como director xeral de Relacións Laborais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

-Decreto polo que se dispón que cese Cristina Azpilcueta González como delegada provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais na Coruña.

-Decreto polo que se nomea directora xeral de Relacións Laborais a Pilar Cancela Rodríguez.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Consellería de Traballo na Coruña a María Debén Alfonso.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo na Coruña a Xoán Carlos Bascuas Jardón.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en Ourense a Antonio Espinosa Suanzes.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA



-Acordo polo que se suspende a execución dos actos impugnados nos recursos potestativos de reposición interpostos pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia contra os acordos do Consello da Xunta de Galicia sobre a declaración da utilidade pública e necesidade de urxente ocupación/adquisición dos bens e dereitos afectados polos proxectos dos aproveitamentos hidroeléctricos no río Ulla dos saltos número 1 de Brandariz e número 2 de Touro e por Dona María Rodríguez Rial contra o segundo deles.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

-Acordo polo que se nomean os membros do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE SANIDADE

-Informe sobre o estado económico-orzamentario da Consellería de Sanidade e os compromisos adquiridos para exercicios futuros.



Esta modificación foi aprobada este xoves polo Goberno galego

MODIFICADO O DECRETO POLO QUE SE FIXA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DOS DEPARTAMENTOS DA XUNTA

O Goberno galego aprobou este xoves un decreto que modifica o aprobado o pasado 11 de agosto polo que se fixaba a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. En concreto, o texto do decreto aprobado hoxe especifica que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural queda adscrita á Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, redúcense os órganos superiores da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, xa que se fusionan a Secretaría Xeral e a Secretaría Xeral de Relacións Institucionais baixo a denominación de Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais. Deste xeito, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar queda estruturada en tres secretarías:

1. Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais
2. Secretaría Xeral da Igualdade
3. Secretaría Xeral do Benestar, dentro da cal se integran a Dirección Xeral de Acción Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

Queda adscrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

Finalmente, o decreto engade unha disposición adicional que establece que as referencias contidas na normativa reguladora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en canto ao conselleiro e á Consellería de Economía e Facenda, deberán entenderse referidas ao conselleiro e á Consellería do Medio Rural.



A XUNTA ACORDA A SUSPENSIÓN CAUTELAR DE DOUS APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS NO RÍO ULLA

A proposta da Consellería de Innovación e Industria, o Consello da Xunta acordou suspender de xeito cautelar dous aproveitamentos hidroeléctricos no río Ulla. A decisión afecta ao salto nº1 de Brandariz e ao salto nº 2 de Touro, promovidos por *Unión Fenosa generación SA* e *Patrimonio hidroeléctrico de Galicia SL* respectivamente.

A decisión baseáse nunha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Pontevedra que con data 26 de Abril de 2005, anula a concesión, por parte do Presidente de Augas de Galicia, de sete aproveitamentos hidroeléctricos na conca do Ulla a *Unión Fenosa*. Esta concesión por parte de Augas de Galicia é un requisito necesario para o establecemento destas instalación electromecánicas.

Con esta decisión a Xunta atende os recursos presentados pola asociación ecoloxista *ADEGA* e un particular, no segundo dos casos, contra os acordos do Consello da Xunta, dos días 7 e 21 de abril de 2005, nos que se declara a utilidade pública e maila necesidade urxente de ocupación dos terreos afectados polos dous proxectos. A redacción das actas previas á ocupación e a adquisición estaba prevista para o vindeiro 5 de setembro.



NOMEADOS OS MEMBROS DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, *AGADER*

O Goberno galego acordou, na súa reunión de hoxe, nomear os membros do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, *AGADER*.

Formarán parte do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, o titular deste departamento, Alfredo Suárez Canal; o conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio; o titular de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez Fernández; e a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar.

Ademais, integrarán o Consello de Dirección o secretario xeral da Consellería de Medio Rural; o director xeral de Desenvolvemento Rural; a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información; o director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica; o director xeral de Urbanismo; a directora xeral de Comercio e Consumo; o director xeral de Turismo; o director xeral de Promoción do Emprego e o director xeral de Acción Social.



A XUNTA DERROGA O DECRETO DE UTILIZACIÓN DA IMAXE DE *GALICIA, CAMIÑOS DE CONCORDIA*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se derroga a utilización da imaxe corporativa *Galicia, camiños de concordia*. Unha vez rematado este programa, pechado o 8 de xullo, faise preciso normalizar a imaxe corporativa da Xunta, eliminando as referencias ao devandito ciclo en todas as súas actividades de comunicación, sexan audiovisuais ou escritas.

A Consellería de Cultura e Deporte derroga así o Decreto 10/2005, do 20 de xaneiro, que fixaba as normas de uso da identidade corporativa de *Galicia, camiños de concordia*, programa que este departamento puxo en marcha este ano e que trouxo persoeiros de sona mundial ata a comunidade autónoma para participar nun programa de conferencias e relatorios.



Segundo o informe presentado hoxe pola conselleira de Sanidade no Consello

O 69,8 POR CENTO DO ORZAMENTO ACTUAL PARA INVERSIÓNS EN ATENCIÓN ESPECIALIZADA E O 45,2 POR CENTO EN ATENCIÓN PRIMARIA ESTÁ COMPROMETIDO PARA 2006

- **O gasto total de 2004 de Sanidade, Sergas e as súas fundacións e empresas foi de 2.771,83 millóns, cifra que Economía toma como base para fixar a posición de Galicia nas negociacións do financiamento sanitario**

A conselleira de Sanidade presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe do gasto real do ano 2004 do seu departamento, do Servizo Galego de Saúde (Sergas) e das fundacións e empresas públicas dependentes desta Consellería. María José Rubio Vidal salientou que o 69,8 por cento do orzamento actual de Atención Especializada e o 45,2 por cento do de Atención Primaria está comprometido para 2006.

O devandito informe está realizado segundo os criterios acordados coa Consellería de Economía e Facenda para coñecer o gasto real do ano 2004 da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as Empresas e Fundacións dependentes desta.

Así, a Consellería de Sanidade en 2004 tivo unhas obrigas recoñecidas de 2.445.755.799,61 euros, dos que 2.380.421.588,14 corresponden ao Sergas e os 65.334.211,47 euros restantes débense aos programas desenvolvidos pola propia Consellería de Sanidade, nos que se inclúen os relativos a saúde pública ou á loita contra as drogodependencias, entre outros.

As fundacións e empresas públicas dependentes da Consellería de Sanidade ingresaron en 2004 un total de 129.054.932,38 euros, e gastaron 130.762.017,86 euros. A achega do Sergas ás súas fundacións elévase a 109 millóns de euros.

Todo isto supón, que o gasto real consolidable de 2004 da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, as Fundacións e as Empresas Públicas suman un total de 2.771.837.311,03 euros, cifra actualizada e tomada como base pola Consellería de Economía aos efectos de fixar a posición de Galicia respecto do financiamento sanitario que será tratada pola Conferencia de Presidentes que se celebrará o vindeiro día 10 en Madrid.



COMPROMISOS PLURIANUAIS

A conselleira de Sanidade fixo especial fincapé nos gastos plurianuais, tanto do Servizo Galego de Saúde como dos previstos nos orzamentos de Atención Primaria e de Atención Especializada. María José Rubio Vidal apuntou a alta porcentaxe de orzamento comprometido que representan as obrigas plurianuais, especialmente en Atención Primaria e en Especializada.

Así, as obrigas plurianuais para Atención Primaria, que este ano conta cun orzamento de 12,9 millóns de euros, existen obrigas de 5,8 millóns para 2006; e de 4,3 millóns para 2007, o que representa o 45,24 e o 33,48 por cento dos actuais orzamentos.

Pola súa banda, as obrigas plurianuais en Atención Especializada suman para o ano 2006 un total de 54,9 millóns de euros, o que supón un 69,88 por cento do orzamento actual, que ascende a 78,65 millóns de euros. Para o ano 2007 as obrigas contraídas ascenden a 29,8 millóns -que representa o 37,95 por cento do orzamento deste ano-; e, en 2008, xa hai comprometidos outros 25,3 millóns de euros, un 32,3 por cento da partida destinada a Especializada en 2005.

Do mesmo xeito, fronte a un orzamento do Sergas de 2.749 millóns de euros para este ano, 260 millóns están comprometidos para 2006, 145 millóns para 2007; 106 millóns para 2008, 12,3 millóns para 2009; 10,8 millóns para 2010; 10,8 millóns para 2011; e distintas cantidades que oscilan entre os 421.000 euros e os 232.000 euros para os anos 2012, 2013, 2014 e 2015, debido á longa duración das contratacións e concesións feitas por distintos servizos (limpeza, mantemento, seguridade).



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DA ASESORÍA XURÍDICA XERAL

José Vicente Alvariño Alejandro

Naceu en Santiago de Compostela, en 1955. É licenciado en Dereito e graduado social pola Escola Social da universidade compostelá.

Actualmente é maxistrado titular do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense. Tamén é letrado da Xunta de Galicia en excedencia, por incompatibilidade.

Alvariño Alejandro desenvolveu unha intensa actividade profesional ao servizo da Administración pública. Así, entre outubro de 1980 e xuño 1981 traballou como técnico de Administración xeral no Concello de Vigo, concretamente no departamento de Urbanismo. Logo, no concello de Marín, desempeñou o cargo de técnico de Administración xeral. Posteriormente traballou para a Deputación Provincial da Coruña e foi secretario Provincial da Delegación provincial na Coruña da Consellería de Cultura e Deportes.

Tamén desempeñou cargos noutros departamentos da Xunta de Galicia entre 1989 e 2002. Foi xefe do servizo de Estudos da Dirección Xeral de Promoción e Incentivos Económicos da Consellería de Economía e Facenda; xefe do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica do Sergas; xefe do Servizo de Inspección, Documentación e Ordenación Normativa da Consellería de Sanidade e xefe do Gabinete de Asuntos Constitucionais e Defensa Xurisdiccional da Asesoría Xurídica da Xunta.

En abril de 2003 deixou a Administración para exercer como maxistrado en Barcelona. Un ano máis tarde foi designado titular do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense. Desenvolveu diversos cursos de especialización xurídica, sobre todo nos eidos do Contencioso-Administrativo, dereito tributario, xestión de asuntos relacionados coa CEE e asesoramento, representación e defensa de entidades locais e comunidades autónomas, entre outros.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DELEGADO PROVINCIAL NA CORUÑA

Jacinto Parga Fernández

Nacido na Coruña en 1969, Jacinto Parga Fernández estudou Enxeñería de Telecomunicacións na Universidade de Vigo, especializándose en Telemática. O seu proxecto de fin de carreira, *Almacenamento e Control da Información xerada nunha planta de Fabricación de Cerámica* recibiu a cualificación de Matrícula de Honra. A súa formación académica completouna con cursos e seminarios relacionados, na súa maioría, co eido das telecomunicacións e as novas tecnoloxías.

Dende novembro de 2002 e ata o seu nomeamento como delegado provincial na Coruña, exerceu a actividade profesional de enxeñeiro de telecomunicacións, integrado nun equipo técnico multidisciplinar. O seu labor dirixiuse cara ao eido da consultoría e das peritacións xudiciais.

No que atinxe á consultoría, ocupouse da xestión de licenzas de operadores de telecomunicacións ante a Comisión do Mercado das Telecomunicacións; de proxectos técnicos de desenvolvemento e implantación de infraestruturas de telecomunicacións e realizou informes sobre o estado de infraestruturas de telecomunicacións públicas, así como medicións radioelétricas.

No plano das peritacións xudiciais, xestionou as expropiacións para o despegamento de redes de telecomunicacións; ocupouse da adecuación das infraestruturas executadas para o acceso de redes de telefonía e elaborou un informe sobre a adecuación dunha rede sen fíos, a Wireless LAN, a un contorno industrial.

A súa actividade profesional complementábase coa realización de proxectos de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións (ICT), encamiñados a dotar de infraestruturas de comunicación edificios, así como dirixir as obras pertinentes e certificar as infraestruturas deseñadas.

Asemade, impartiu o curso *Enxeñería domótica en edificios intelixentes* na Fundación Laboral da Construción no Nadal de 2004. Tamén colaborou coa Asociación Galega de Enxeñeiros de Telecomunicacións na preparación de material para cursos sobre telecomunicacións a técnicos municipais e na organización de



visitas de divulgación e toma de datos sobre a implantación da normativa en materia de telecomunicacións nas administracións locais.

No relativo a traballos por conta allea, cómpre destacar o realizado en ISOLUX WAT en calidade de enxeñeiro do proxecto entre maio de 2000 e outubro de 2002. Nel desenvolveu proxectos de infraestruturas de telecomunicacións; estudos de viabilidade de implantación de redes de telecomunicacións e deseño e dimensionamento de redes de telecomunicacións que foron aplicados a numerosas empresas de telefonía, entre outras.

Foi encargado de produción na planta de Cerámicas do Castro S.L., do Grupo Sargadelos, onde realizou labores de xestión da produción, control de calidade, distribución e coordinación de persoal e aprovisionamentos.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

María José Pérez Mariño

Nacida en Vigo en 1947, María José Pérez Mariño licenciouse en Ciencias Químicas na Universidade de Santiago de Compostela en 1970. Así mesmo, realizou cursos de doutoramento e suficiencia investigadora na Universidade de Vigo e dedicouse á formación de Formadores en Didáctica das Ciencias Experimentais na Universidade de Sevilla.

Funcionaria do Corpo de Profesores de Educación Primaria dende o ano 1975 e adscrita a Secundaria dende 1990, durante o exercicio da súa profesión como mestra colaborou con diversas Consellerías na elaboración de programas educativos.

Dende 1991 e ata o seu nomeamento como Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa foi asesora de Formación do Profesorado. Durante o cursos 1991- 92 foi Directora do CEFOCOP.

Pérez Mariño é a autora de *Terra e Xente*, primeiro libro de texto editado en galego para educación primaria, dentro da área de Ciencias Sociais. Tamén escribiu numerosos artigos en revistas de ámbito educativo.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DIRECTOR DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA)

Xoán Ramón Doldán García

Naceu en 1963 en Ponteceso. É licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela; ten un posgrao en Economía dos Recursos Naturais e Medioambiente pola Universidade de Alcalá de Henares. Doutorouse en Ciencias Económicas e Empresariais pola USC cunha tese sobre o cómputo económico dos fluxos materiais, enerxía e auga na industria galega.

É profesor titular do Departamento de Economía Aplicada da USC dende 2001. Forma parte desde 1993 do Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e Recursos Naturais da USC.

As súas investigacións principais céntranse na economía ecolóxica, na contabilización do metabolismo industrial, na economía da enerxía, na economía pesqueira e dos recursos naturais, e na análise input-output.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DELEGADA PROVINCIAL NA COURÑA

Milagros Lantes Seara

Naceu en 1961 en Carballo.

É mestra de educación primaria nesta mesma localidade. Foi concelleira no Concello de Carballo dende o ano 1995.

Na actualidade exercía o cargo de concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller neste mesmo municipio.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

Miguel Ángel Rodríguez Lois

Nacido en Santiago de Compostela o 28 de febreiro de 1955, é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela desde 1978, diplomado en Sanidade e especialista en Medicina Familiar e Comunitaria.

No ámbito profesional comezou a súa actividade coma médico rural na Pontenova para pasar logo a ser médico de zona no Ambulatorio S. Quirico en El Pardo (Madrid) desde 1990 ata 1993; despois pasou a ser Médico de Equipo do centro de saúde de El Pardo (Madrid). Desde 1998 ata a actualidade exerceu como médico de familia no centro de saúde do Sagrado Corazón en Lugo.

Entre os outros cargos profesionais que desempeñou destacan: a presidencia da Asociación Profesional de Médicos de Zona de Lugo, función que desempeñou de 1986 ata 1990, e o de representante Nacional de Medicina Rural da Organización Médico Colegial de España (1982-1989).

Así mesmo colaborou en congresos e comunicacións científicas, entre as que figuran *Validación de la aplicación del cuestionario Cage en una consulta de medicina general de un área socioeconómica deprimida (VIII Congreso Nacional de la Medicina General Española- Santander-2001)* e *Estudio Observacional para la elaboración de una Base de Datos en Osteoporosis de Aplicación en A.P. (X Congreso Nacional de la Medicina General- Marbella-2003)*.

Entre outras actividades levadas a cabo destacan o cargo de profesor do *Taller de Vértigo*, no marco do *XI Congreso Nacional de la Sociedad Española de Medicina General* e no *II Congreso Iberoamericano*.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

Juan Antonio Martín Tejedor

Nacido en Villafáfila de Campos (Zamora) en 1959, Juan Antonio Martín Tejedor é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Salamanca (1977-1983), especialista en Dereito Sanitario pola Universidade da Coruña e diplomado en Valoración Médica de Incapacidades pola Escola Nacional de Medicina e Seguridade no Traballo.

En 1989 foi nomeado inspector médico de carreira da Administración da Seguridade Social (Instituto Social da Mariña delegación provincial de Pontevedra en Vilagarcía de Arousa), cargo que ocupa ata 1996, cando as competencias sanitarias son transferidas á comunidade autónoma e pasa a ser inspector médico do Servizo Galego de Saúde.

Ao longo da súa carreira profesional, Juan Antonio Martín Tejedor ocupou distintos cargos, entre eles o de subdirector provincial do Instituto Social da Mariña de Vilagarcía de Arousa (novembro de 1994 ata febreiro de 1996); xefe da Unidade de Saúde Laboral da Delegación Provincial do Sergas en Pontevedra (novembro de 1999- xuño de 2001); e coordinador do Instituto Social da Mariña para o *Proxecto de Prevención da SIDA nos mariñeiros da Comunidade Autónoma de Galicia*, realizado conxuntamente coa Dirección Xeral de Saúde Pública (1994).

Juan Antonio Martín Tejedor tamén exerceu a actividade docente en dous másters da Universidade de Vigo, así como en diversos cursos de saúde laboral. Así mesmo ten completado a súa formación con distintos cursos sobre inspección, xestión e administración sanitarias.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DIRECTOR XERAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALICIA

José Luís Romero Valeiras

Nacido no Carballiño (Ourense) en 1948, José Luís Romero Valeiras estudou Enxeñaría Técnica de Obras Públicas e Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos na Universidade Politécnica de Madrid. Completou a súa formación con cursos de temática diversa, como o *Simposio de Xeotecnia Vial*, o *Curso de Túneles en Enxeñaría Civil* e as *Xornadas sobre subbases e bases para firmes de estradas*.

Fóra de Galicia, entre 1973 e 1981 encamiñou a súa actividade profesional cara á docencia en Formación Profesional dentro da rama de Delineación. Tamén fixo colaboracións técnicas en estudos de Arquitectura e Enxeñaría.

Dentro da Comunidade galega, de 1982 a 1988 traballou en empresas de ámbito rexional en calidade de Xefe de grupos de obras e Director Técnico de obras de abastecementos, saneamento e estradas para Concellos, Deputacións e a Xunta de Galicia.

Dende 1989 ata o seu nomeamento como director xeral de Augas de Galicia, traballou en *Cubiertas y MZOV S.A.*, fusionada en 1997 con *Entrecanales NECSO*. Alí desempeñou labores de subxefe de departamento primeiro, e xefe de Departamento de Obras dende 1992, sendo responsable da xestión técnica e económica dos proxectos.

Entre as obras realizadas baixo a súa responsabilidade en Galicia, cómpre destacar a estación de tratamento de augas potables de Ourense; a toma no río Eo, o depósito de distribución e a rede de abastecemento en Pontedeume; os colectores da marxe esquerda do río Miño en Ourense; a Minicentral no río Edo en Castro Caldelas; a estación depuradora de augas residuais en Padrón e na Pobra do Caramiñal e tramos da Autovía do Noroeste A-6, da autovía das Rías Baixas e doutras estradas autonómicas.



CONSELLERÍA DE TRABALLO

DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Pilar Cancela Rodríguez

Nacida en Stuttgart (Alemaña), Pilar Cancela é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

En 1993 ingresou na Administración autonómica, tras aprobar as oposicións ao corpo de técnico superior da Xunta, lugar onde traballou ata setembro dese mesmo ano, na asesoría xurídica da Dirección Xeral de Estructuras Agrarias e Desenvolvemento Rural.

Despois pasou a formar parte da Área de Estudos do Consello Galego de Relacións Laborais, onde no ano 1999 pasou a desempeñar o cargo de xefa do Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos.

No ano 2002 foi nomeada directora xeral de Relacións Laborais da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, posto en que estivo ata o ano 2003 cando pasou a formar parte do Servizo Técnico-Xurídico da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

En xaneiro de 2004, Pilar Cancela pasa a ocupar a xefatura de Servizo de Inspección e Sancións do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ata que en xaneiro de 2005 toma posesión da Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección xeral de Relacións Laborais.

Tamén foi subdirectora da *Revista Galega do Dereito Social* entre 1999 e 2002, e ten participado en funcións de mediación, negociacións e resolucións da conflictividade social galega, así como en negociacións colectivas de distintos convenios.



CONSELLERÍA DE TRABALLO

DELEGADA PROVINCIAL NA CORUÑA

María Debén Alfonso

María Debén Alfonso é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1983) e máster en Dereito Xudicial pola Facultade de Dereito de Santiago e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Obtivo o diploma de Estudos Avanzados na área de Dereito Penal da Facultade de Dereito da Coruña, e o grao de Licenciatura, baixo a dirección da área de Dereito Penal, na Coruña.

María Debén accedeu á función pública por concurso-oposición no ano 1986, obtendo a praza de asesora xurídica do Centro de Información dos Dereitos das Mulleres, do Ministerio de Asuntos Sociais, e foi transferida no ano 1996 á Xunta de Galicia. Ata o de agora, foi asesora xurídica e responsable do Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia, realizando funcións de asesoría xurídica no Servizo Galego de Igualdade.

Tamén foi profesora-coordinadora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) así como da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados da Coruña.

Ademais, ten publicadod numerosos artigos e textos e colaborou en numerosas revistas.



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

DELEGADO PROVINCIAL NA CORUÑA

Xoán Carlos Bascuas Jardón

Nacido en Rüsselsheim (Alemaña) o 21 de setembro de 1970, é licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid desde xuño de 1993 e fixo o seu doutoramento no programa *Estructura e Cambio Social* no Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración da Universidade da Coruña, en setembro de 1995.

No ámbito profesional é profesor titular da Escola Universitaria de Traballo Social da Universidade de Santiago de Compostela desde 1999 ata a actualidade, cargo que compaxinaba co de profesor asociado no Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración na Universidade da Coruña.

Destacou tamén no ámbito da investigación con numerosas publicacións, entre as que destacan: *Contribución dende unha perspectiva galega a un proxecto de constitución da UE: un caso de multilevel governance*, *Partidos políticos e sistemas de partidos en Galicia (1981-1993)* e *Diagnóstico para la implantación de Cartas de Servicios en los Concellos de Galicia*.

Así mesmo foi coordinador de intercambios do programa Séneca da Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo entre os anos 2002 e 2003. Destacou tamén na organización de diversos seminarios, congresos e xornadas entre os que cabe destacar: II Ciclo de Conferencias da Área de Ciencia Política e da Administración *A Unión Europea do século XXI: o alongamento cara o leste* en Decembro de 2002 e “A calidade nos servizos autonómicos e locais” en abril de 2002.

Ao longo destes últimos anos completou a súa formación coa asistencia a numerosos cursos e seminarios dos cales destacaremos o VI Congreso Español de Ciencia Política e da Administración “Gobernar en Europa. Gobernar Europa”. Barcelona, Setembro de 2003.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Antonio Espinosa Suanzes

Nacido en 1958, Antonio Espinosa Suanzes é licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela (1983) e realizou o máster en Atención Farmacéutica pola Universidade de Valencia (ano 2004).

Desde 1983 e ata a actualidade, Antonio Espinosa Suanzes foi farmacéutico da oficina de farmacia na Gudiña e coordinador do grupo de atención farmacéutica *Xardoa* de Ourense.

Así mesmo, Antonio Espinosa Suanzes foi responsable da agrupación local do Bloque Nacionalista Galego na Gudiña (dende xaneiro de 1989 ata novembro de 2003), concelleiro do BNG neste mesmo municipio (xuño de 1995-setembro de 2004), e responsable nacionalista da comarca de Monterrei. Antonio Espinosa Suanzes tamén é membro do Consello Nacional do BNG desde novembro de 2003.